

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DECLARACIÓN DE OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA

Visto que mediante Resolución de Alcaldía con data 4 de setembro de 2014 aprobouse o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a adxudicación da xestión do servizo público de Axuda no Fogar mediante a modalidade de concesión, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que con data 29 de outubro de 2014 (corrección de erro con data 5 de novembro de 2014) publicouse anuncio de licitación por prazo de 15 días naturais no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* e no Perfil de contratante do órgano de contratación, a fin de que os interesados presentaran as súas proposicións.

Visto que durante a licitación presentáronse as proposicións que constan no expediente.

Visto que con data 16 de decembro de 2014 constituíuse a Mesa de contratación, e esta, tras a recepción do informe de valoración técnica, realizou proposta de adxudicación a favor de **RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.**, examinada a documentación que a acompaña e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO

PRIMEIRO. Declarar válida a licitación e declarar como oferta economicamente máis vantaxosa o contrato de xestión de servizo público de Axuda no Fogar mediante a modalidade de concesión á empresa **RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.** motivado en que, despois das valoracións realizadas, obten a puntuación mais alta de 89,80 puntos, polo importe de “prezo/hora”

Días laborais			Domingos e festivos		
Importe neto	IVE	TOTAL	Importe neto	IVE	TOTAL
11,25 €	0,45 €	11,70 €	11,98 €	0,48 €	12,46 €

SEGUNDO. notificar o presente acordo a todos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

TERCEIRO. Notificar e requirir a **RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.**, para que presente, dentro dos dez días hábiles seguintes, a contar dende o seguinte ó que reciba o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios ós que se houbera comprometido a adicar ou adscribir á execución do contrato conforme ó artigo 64.2, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente, así coma xustificante da existencia de seguro que se especifica na cláusula 28 do PCA.

CUARTO. Publicar o presente acordo mediante anuncio no Perfil de contratante.

QUINTO. Realizados os trámites anteriores, que por Secretaría se remita Informe-Proposta e déase conta a esta Alcaldía para resolver ao respecto.

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Juan Pablo Castillo Amigo, en Covelo, a 18 de decembro de 2014; do que, como Secretaria, dou fe.

